

# XOSÉ SEIVANE

A GAITA CON MAIÚSCULA

Xosé Manuel Sánchez Rei

Fotografías de Vicente Ansola

Transcricións das partituras feitas  
por Daniel Bellón e Pedro Lamas

EDITORIAL CANELA  
TRADICIÓN ORAL • MÚSICA



# ÍNDICE



LIMIAR.....	13	A «Casa de Freixo».....	62
<i>Xosé V. Ferreirós</i>		Aquel gaiteiro da Fomiñá.....	64
PRELUDIO A UNÍSONO.....	15	Uns punteiros debaixo do brazo.....	66
I. DA TERRA CHÁ ATÉ ÁS MARIÑAS		Artes culinarias.....	68
CORUÑESAS, PARANDO NA RIBEIRA.....	23	Os traballos e os días.....	70
1. Ao pé do río Miño.....	23	Momentos para as viaxes.....	71
A familia, a terra, a música.....	24	6. A viaxe até á Ribeira de Piquín,	
Vida de <i>escolino</i> .....	38	un verdadeiro <i>Itinerarium ad loca sancta</i> ...	74
Os ríos e a pesca.....	40	Aquelas vías de comunicación.....	74
Unha dupla nacionalidade local:		Alá, para aló de Meira.....	75
pastoricense e ribeirego.....	42	7. <i>Airiños, airiños, aires</i> .....	79
2. Naqueles anos 20.....	43	As primeiras actuacións.....	80
As modificacións no instrumento.....	44	Os Airiños da Ribeira,	
Grupos de gaita e grupos de debate.....	46	un grupo de referencia.....	81
A compilación de música tradicional		Muiñeiras, xotas e rumbas.....	86
na época.....	49	8. O multiemprego, xa antes da <i>crisi</i> .....	88
3. Lingua, paisaxe e música.....	51	Pisando forte.....	89
4. Vida castrense.....	56	Pondo en orde as cabezas.....	90
Réxime militar.....	56	<i>Castellanos de Castilla</i> .....	91
Gaiteiro e soldado.....	58	Habilidades varias.....	93
5. Fuencisla, unha <i>abella de ouro</i> .....	61	9. Seivane, concelleiro.....	94
		No consistorio.....	95
		As troitas e a telefonía.....	96

10. Outra profesión: avó .....	98	6. Remocean a tradición:	
O tempo dos reencontros .....	99	cepas vellas, viños novos .....	188
Unha trasnada non é nada .....	101	Soprando con xeito .....	188
O legado da música tradicional.....	102	A afinación dos roncóns .....	189
Afeizóns partilladas.....	104	A importancia do tamaño .....	191
O doutoramento final en <i>avoloxía</i> .....	105	7. Outras gaitas .....	192
11. Algunhas anedotas		Gaita estándar.....	193
e lembranzas locais.....	105	Gaita de galleto.....	193
Conversas con filólogos .....	106	Gaita de barquín .....	194
As amizades de vello.....	107	Gaita en Dó grave .....	194
O tempo do San Martiño.....	109	Gaita medieval ou <i>musa</i> .....	195
Lebres e cabras.....	110	Gaita galesa .....	196
12. Unha nova sucursal do Obradoiro .....	113	Gaita asturiana .....	196
		Gaita aragonesa .....	197
II. SEIVANE, ARTESÁN DE GAITAS .....	121	Gaita catalá .....	197
1. Introducción á artesanía da gaita		8. A escola Seivane .....	197
na Galiza nos anos 20 e 30 .....	121	A familia.....	198
Oferta e demanda .....	122	Os discípulos .....	199
Aqueles artesáns.....	125	A influencia noutros obradoiros .....	201
2. As etapas do Obradoiro .....	128	9. Masculino plural, feminino singular .....	204
A etapa da Fomiñá.....	129	10. Outras culturas e novas formas	
A etapa da Bara .....	135	de expresión musical .....	208
A etapa da casa do Chao.....	137	Familia próxima .....	208
A etapa do obradoiro		Diferentes escenarios .....	211
no alto do Chao .....	146	11. Gaitas, violinos e outras herbas.....	215
A etapa de Cambre .....	154	Claríns e clarinetes .....	216
3. Madeiras, peles e paciencia.....	161	Onde vai aquil romeiro?.....	218
<i>De pau de buxo</i> .....	162	Barrocos pouco atravesados.....	219
<i>Coa pelica dun carneiro</i> .....	171	Máis corda .....	221
4. Vida social .....	176	Con ferreñas e pandeiros.....	222
5. Escribindo páxinas novas .....	183		

A TERRA, A FAMILIA, A MÚSICA: A VIDA.....	225	A ornamentación e a palleta.....	380
III. FALANDO DE SEIVANE .....	301	2. Melodías interpretadas ou transmitidas	
1. Introducción.....	301	por Seivane ou compostas por el .....	383
2. <i>Un longo camiño branco</i> .....	303	Algunhas aclaracións .....	386
3. Ás beiras do río Sar.....	308	Comentarios sobre algunhas pezas.....	388
4. A mellor alborada .....	312	As partituras.....	392
5. <i>O meu amigo na Guarda</i> .....	318	3. Pezas dedicadas a Seivane .....	425
6. Xermolos de fe no país .....	320	Alguns comentarios para as melodías...	426
7. Vendimas certamente vizosas .....	324	As partituras.....	429
8. Cantando na Chá .....	328	V. CONCLUSIÓNS .....	441
9. Nos <i>eidos da música</i> .....	333	REFERENCIAS E FONTES DOCUMENTAIS.....	449
10. Un gaitero de finas <i>luvas</i> .....	336	1. Relación de persoas entrevistadas .....	449
11. <i>Almas de buxo</i> .....	341	2. Relación das principais siglas utilizadas	
SEIVANE NA MEMORIA.....	349	no texto para as fontes documentais.....	450
<i>Fotografías de Vicente Ansola</i>		3. Bibliografía citada.....	451
IV. CANTIGAS QUE LEVA O VENTO .....	375		
1. Introducción: perspectivas técnicas .....	375		
Abrindo e fechando .....	375		



# I

## DA TERRA CHÁ ATÉ ÁS MARIÑAS CORUÑESAS, PARANDO NA RIBEIRA



### 1. Ao pé do río Miño

Se tivéssemos de percorrer as terras da actual provincia de Lugo para despois repararmos nas persoas que coloca(ro)n o nome do país nas máis altas cimeiras da cultura, a cifra de mulleres e homes elevaríase notoriamente. No ámbito da literatura, por exemplo, non se poden pasar por alto vultos como Antonio Noriega Varela (1869-1847), Ánxel Fole (1903-1986), Álvaro Cunqueiro (1911-1981), Darío Xohán Cabana (1952-), Luís Pimentel (1895-1958), Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912), Manuel María (1929-2004), María Reimóndez (1975-), Marica Campo (1948-), Uxío Novoneyra (1930-1999), Teresa Moure (1969-), Xosé Estévez (1943-), Xosé María Díaz Castro (1914-1990), Xela Arias (1962-2003) etc. Son xentes que, parafraseándonos o título dun fermoso poemario de Marica Campo, proporcionan «luz prestada»<sup>2</sup> ao pobo galego e que contribúen eficazmente para dotaren

de maior luminosidade esta vella Fisterra atlántica. E parecen, no seu conxunto, como a madeira de buxo, imbatíbel, duradoira, de crecemento lento mais constante, que, cando comeza a estar algo forte, é cortada. Case como unha metáfora do país.

Sen saírmos das terras lucenses, e deixando de parte a literatura, na música, por exemplo, temos de citar aquí de modo obrigado a figura de Xoán Montes (1840-1899), responsábel de musicar, posibelmente inspirándose nun vello alalá da zona de Oíncio, o poema «Negra sombra» de Rosalía de Castro (1837-1888), hoxe un verdadeiro estándar das bandas de música e de certas formacións baseadas na música tradicional<sup>3</sup>. Un outro autor foi Gustavo Freire Penelas (1875-1948), autor de referencia que soubo traballar coa música tradicional galega compondo unha inxente cantidade

---

2.- Cfr. Campo (2001).

3.- Cfr. o traballo *Los Tamara* (Dial, 1987), do grupo de idéntico nome, ou *Castellum Honesti* (BMG / Ariola, 1989), de Milladoiro, ou a *A irmandade das estrelas* (BMG / Ariola, 1996), de Carlos Núñez; etc.

de obras a se inspirar en melodías e cantos populares<sup>4</sup>. E non podemos deixar de significar a referencia de Pascual Veiga (1842-1906), responsábel da música do Himno Nacional Galego sobre o texto de Eduardo Pondal (1835-1917), cuxa melodía tamén acabou por se converter nun estándar en bandas de música, bandas de gaitas, cuartetos, solistas etc.

Imos concretizar máis un pouco e imos agora conceder atención á música de orixe tradicional e particularmente á de gaita, a ese patrimonio inmaterial que millares de persoas levan interpretando e transmitindo cando menos desde o século XII, en que hai constancia da primeira representación dunha cornamusa na Galiza. Se viamos que no ámbito da literatura ou da música culta brillaban con luz de seu os nomes citados máis acima, no mundo da gaita brilla tamén con luminosidade propia Xosé Manuel Seivane Rivas, un dos artesáns do milenario instrumento máis relevantes a nivel galego e internacional. Non resulta exaxerada a afirmación de que non se podería entender a gaita galega na actualidade sen o seu traballo desenvolvido durante décadas. Por iso, de forma a coñecermos mellor a súa vida e o que significa para a música da Galiza, parece pertinente tracexarmos aquí unhas notas biográficas que o contextualicen non só familiar ou xeograficamente, mais tamén en termos culturais, históricos e sociais.

### A familia, a terra, a música

A súa biografía comeza en febreiro de 1921, un mes para o cal hai un refrán tradicional que parece ser unha premonición da vida futura daquel bebé, «Xaneiro xiadeiro, febreiro grileiro», cun adxectivo, *grileira/o*, que tamén serve para denominar un dos tipos de gaitas que existía especialmente nalgunhas rexións do país<sup>5</sup>. Dicimos «febreiro» e non acrecentamos máis información porque existen certas dúbidas á volta da data exacta en que naceu. Por un lado, el sempre vinculou o seu nacemento ao día 9 dese mes, que era cando o celebraba nos últimos tempos, e con esta mesma referencia numérica é que figura na documentación militar a que tivemos acceso, aínda que pertencente a outro mes. Mais, por outro lado, o que consta oficialmente no seu documento de identidade é que foi nado no día 21. A solución a esta diverxencia de datos pode ser debida, a noso ver, a unha práctica bastante habitual no mundo rural galego, sobre todo na primeira metade do século XX, e que puidemos verificar en máis persoas idosas: habendo dúas datas que concorren para sinalaren un nacemento con varios días ou semanas entre ambas, a primeira costumaba corresponder ao día real en que se nacía, ao paso que a segunda, non raro, era aquela en que se inscribía no rexistro ou en que se celebraba o baptismo, a cal podía ficar de maneira oficiosa como a verdadeiramente fiábel a efectos legais.

Seivane, pois, vindo ao mundo no mes da candelaria, fíxoo no concello da Pastoriza, na freguesía da Fomiñá<sup>6</sup> e,

4.- Sobre este autor pode consultarse a obra de Pardo de Neyra (2008).

5.- Véxase Cap. II, 1.

6.- *Fomiñá* (< FONTE MINIANA) é a forma oficial vigorante para designar esta entidade de poboación e así consta recollido nas disposicións legais vixentes (accesíbeis en <http://toponimia.xunta.es/gl/Buscador>). Outras variantes de pronuncia con que aparece na lingua oral son *Fon-*



máis concretamente, no lugar dos Goritos. Esa demarcación municipal está situada nos límites orientais da Terra Chá<sup>7</sup>, unha comarca que constitúe na actualidade unha das rexións máis idiosincráticas da actual provincia de Lugo. Diferénciase con clareza das serras orientais, da Mariña ou da Terra de Lemos. Por iso, non é de estrañar que fosen percibidas e salientadas a súas singularidades en traballos especializados. Neste sentido, tamén naqueles anos 20, Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), un dos grandes vultos da cultura galega contemporánea, referíase á rexión chairega coas seguintes palabras<sup>8</sup>:

En la «Terra Chá» el cielo gris o gravemente claro de las alturas, la vastedad del radio de los horizontes, la perezosa circulación de las aguas, establecen grandes aspectos circulares, cromáticas invernales y otoñales, y la ausencia, por lo menos en grandes masas, de pino, una facies de arcaísmo, de parque, con profundidades y grupos de abedules también claros y grises, así como el dominio de tramos rectos de camino y la impresión de lejanía del mar y de los valles.

A pesar da existencia de certos oficios tradicionais, tanto nesa freguesía da Pastoriza canto no resto do mu-

nicipio, a economía estaba primordialmente baseada no cultivo da terra e no gado, como igualmente acontecía nunha boa parte do país. A Galiza rural na altura, cos seus sistemas de valores, a súa socioloxía e os elementos que a identificaban a respecto doutras realidades socioculturais, daba sinais de aínda posuír unha relativa vitalidade, a pesar de que en finais do século XIX xa comezara o lento devalar que se proxecta nos nosos días, concluíndo co seu case consumado final. Disto dá boa conta a demografía, xa que naqueles anos o concello estaba habitado por preto de 8.500 persoas, o que contrasta coas pouco máis de 3.200 que moran nel na actualidade.

Non resulta fácil imaxinarmos como sería A Pastoriza e A Terra Chá en xeral hai case cen anos, cando naceu Seivane. Sabemos, con todo, que a área da Fomiñá en finais do século XVIII se diferenciaba algo a respecto de zonas veciñas, como por exemplo San Martiño da Aguarda, polo tipo de árbores que predominaban na paisaxe e polos cultivos que se recollían, non coincidentes exactamente coas terras máis próximas: no Cadastro do Marqués de Ensenada<sup>9</sup> dise que nesa freguesía predominaban os álamos, ameneiros, carballos ou salgueiros, e que había cultivos de millo e de centeo, produtos

*miñá*, *Funmiñá* e *Fumiñá*, tamén con certa presenza nos textos escritos. En documentos redixidos en español do século XVIII pertencentes ao Cadastro do Marqués de Ensenada documéntase a forma híbrida e barbarizada \**Fumiñana* (cfr. [https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados\\_ocr.do](https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/resultados_ocr.do)). Por seu turno, as variantes \**Fuentemiñana* ou \**Fontemiñana* representan unicamente outras formas de hibridación e desnaturalización co español.

7.- O sentimento sociocultural maioritario das persoas que habitan A Pastoriza sitúa este concello na rexión da Terra Chá, segundo teremos ocasión de corroborarmos ao longo deste traballo. No entanto, o *DECRETO 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia* (accesíbel en [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/1997/19970403/Anuncio1051E\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/1997/19970403/Anuncio1051E_gl.html)), crea a comarca de Meira, integrada polos concellos de A Pastoriza, Meira, Pol e Riotorto.

8.- Cfr. Otero Pedrayo (1945: 37). Máis descrições deste autor sobre a comarca que nos ocupa son as que se poden ler en Otero Pedrayo (1993: 140-144), tamén empregadas por Pardo de Neyra (2008: 15) para situar a terra de nacemento do músico chairego Gustavo Freire Penelas. Cfr. o sinalado por este mesmo autor para a zona da Terra Chá e da Serra de Meira na monumental *Historia da Galiza* dirixida por el propio (Otero Pedrayo, 1962: 42-47).

9.- Dispoñíbel en <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController?accion=4&opcionV=3&orden=0&loc=4305&pageNum=1>

menos importantes na área da Aguarda. As imaxes que recolle Walter Ebeling<sup>10</sup> en finais da década de 20 e nos inicios da seguinte, ben como as tamén feitas por Ruth Matilda Anderson ou as que se documentan nos volumes de *Vida Gallega*<sup>11</sup>, permiten construímos unha idea imprecisa mais aproximada de como eran a paisaxe e a vida diaria daquelas mulleres e homes do campo: construcións e vivendas, momentos de lecer, oficios, tipos de cultivos, vestimenta etc. As fotografías de localidades reproducidas nesas obras, pertencentes á Fonsagrada, á Pastoriza, á Ribeira de Piquín, a Meira ou a Riotorto, zonas que acabarían todas elas sendo ben coñecidas por Seivane, abren a porta para podermos imaxinar como era ese contexto vital e a sociedade en que naceu o noso protagonista.

O lugar de nacemento de Seivane non parece ser irrelevante neste caso. En primeiro lugar, tendo en conta que foi un destacado pescador, segundo se verá máis abaixo, non faltou quen dixese que na Fomiñá é onde nacía o maior dos ríos galegos, o cal nesa zona ten (ou mellor dito tiña na altura) grande sona polas súas troitas. Hoxe en día sábese que na realidade o Miño provén do Pedregal de Irimia, ao pé da veciña

Serra de Meira, como xa discutía o noso protagonista de neno co seu mestre cando este lle ensinaba a doutrina oficial da época relativamente ao nacemento do citado río. Nestes medios, tórnase de obrigada referencia subliñarmos aquí como a comarca chairega e o Miño foron poetizados por Manuel María na súa obra chamada precisamente *Terra Chá*, dada a lume en 1953, de onde tiramos este poema dedicado a esa mítica corrente fluvial:

*O Miño é vello e tristeiro:  
sempre vai mudo e vai senlleiro.  
No Inverno semella que murmura  
un segredo con forte voz escura.  
Un escoita, atento e esperanzado,  
e o vello Miño sempre vai calado*<sup>12</sup>

E en segundo lugar, voltando á Pastoriza, a conexión internacional con outras culturas atlánticas relativamente afíns, como a bretoa, a galesa ou a irlandesa, preludiábase a uns poucos quilómetros a través do topónimo *Bretoña*, asociado ao lendario e misterioso bispo altomedieval Mailoc ou Maeloc<sup>13</sup> e á última chegada

10.- Determinadas casualidades da vida parecen verificarse ás veces por seren ben aleatorias e no caso de Walter Ebeling non nos achamos perante unha excepción se pensarmos onde se hospedou. Nos tempos en que andou pola montaña de Lugo, retratando paisaxes da Fonsagrada, Ibias, Negueira de Muñiz ou outras localidades próximas, parou na casa de Manuel Otero, famoso gaiteiro de Valdeferreiros, que lle facilitou os contactos con xentes da comarca ao se tratar dun músico de certa fama na zona (cfr. o texto de Suso Varela, «El guardián del legado de Walter Ebeling», dispoñíbel en [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/a-fonsagrada/2016/06/28/guardian-legado-ebeling/0003\\_201606L28C12992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/a-fonsagrada/2016/06/28/guardian-legado-ebeling/0003_201606L28C12992.htm)). Por outra parte, existe na actualidade unha melodía coñecida como «Muiñeira de Valdeferreiros» que se acha gravada no disco de Luar na Lubre *Ara Solis* (Sons Galiza, 1993).

11.- Cfr. VVAA (2003), VVAA (2009), Acuña (2009).

12.- Cfr. Manuel María (OPC, I, 97).

13.- Existe unha referencia a esta personaxe nas actas do segundo concilio de Braga, celebrado no ano 572 dne., a que asistiron todos os bispos das trece *sedes* ou dioceses do reino galaico dos suevos (Astorga, Braga, Bretoña, Coímbra, Dumio, Idanha, Iria, Lamego, Lugo, Ourense, Porto, Tui e Viseu; cfr. López Carreira, 1998: 117; 2005: 71). A pegada dese dirixente relixioso celta tamén se deixa ver no nome dun grupo de música galego-galesa asentado na cidade de Cardiff e no doutra formación folque da localidade española de Guadalaxara. Por outra parte, hai

de colonizacións celtas ao noso país contra o século VI dñe., fuxindo das invasións de anglos, xutos e saxóns nas actuais Inglaterra, Cornualla e Gales. Quizais non sobre aquí lembrarmos que un dos discos inaugurais do movemento folque galego leva precisamente este bispo celta no seu título: estamos a nos referir ao traballo *A Galicia de Maeloc* (Ruada, 1979), do na altura recentemente creado grupo Milladoiro.

Tampouco se torna indiferente a familia en que naceu o protagonista deste traballo. O neno Xosé Manuel, que foi coñecido mormente polo seu apelido Seivane por toda a parte, mesmo entre familiares e amizades estreitas<sup>14</sup>, tivo na súa nai, Estrella Rivas Rascado (1892-1969), un verdadeiro elo de unión coa música tradicional da comarca. A procedencia dos apelidos dela parece estar estreitamente vinculada ao territorio: o primeiro deles, o patronímico *Rivas*, é totalmente transparente canto á súa semántica (cfr. < RIPA, «beira», «marxe», «ribeira» etc.) e aparece rexistrado practicamente en todo o territorio, mais unha das rexións onde máis abunda grafado con <v> en vez de <b> coincide coa zona da Pastoriza, Lourenzá e Riotorto; por seu turno, *Rascado* coñece unha notoria documentación no concello de Riotorto e na Póboa de Trives, o que nos fai ponderarmos a súa grande vinculación con esas áreas<sup>15</sup>.

Mais diciamos no parágrafo anterior que Estrella supuxo un grande vínculo coa música e coa poesía tradicionais da zona. Neste sentido, temos de sinalar que xa intelectuais dos séculos anteriores, como o Padre Sarmiento (1695-1772), Manuel Murguía (1833-1923) ou Augusto González Besada (1865-1919) puxeron en relevo a importancia das mulleres galegas como xeradoras e transmisoras de lírica e canto tradicionais ou como verdadeiras poetas populares<sup>16</sup>. E, con certeza, Estrella encaixa sobradamente nesa identificación, pois era unha persoa dotada dun finísimo ouvido, capaz de reproducir melodías cantando que conseguía aprender só con as escoitar: «Miña *mai* cantaba moi ben, cantaba moitas cancións, si. Algunhas eran de por aquí», lembra Benedicto, un dos irmáns de Seivane.

Grazas a esta circunstancia, Estrella soubo transmitirle varias pezas populares da zona, as cales fan parte hoxe en día do repertorio habitual da música de gaita, conforme teremos ocasión de sinalarmos no seu momento<sup>17</sup>. En canto facía labores domésticos durante as noites, a matriarca cantaba e o neno ía asimilando aquelas melodías. Un resumo de como o meniño as ía interiorizando poderían ser as palabras seguintes que refire Benedicto, cando se expresou nos seguintes termos sen calquera tipo de hesitacións: «Moitas cousas

---

que dicir que na Bretoña, concretamente no lugar de Fitoiro, tamén naceu outro gaiteiro-artesán, Daniel Méndez Coroas (1923-2018), máis coñecido como «Daniel do Roxo», aínda que a súa sona coñeceu unha proxección fundamentalmente local ou comarcal (cfr. Anónimo, 2010; E., 2007; Díaz Branco, 2018a). Para máis información sobre esta e outras Bretoñas existentes no territorio galego, pode ser de utilidade o recollido por Rodríguez (2003: 134-137) na súa entrevista a Carlos Núñez.

14.- Por este motivo, neste traballo, e cando non se indicar o contrario, usaremos de preferencia o apelido para nos referirmos ao patriarca.

15.- Cfr. os datos que figuran para «Rivas» e «Rascado» na *Cartografía dos apelidos de Galicia* (dispoñíbel en <http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=RIVAS> e <http://ilg.usc.es/cag/Controlador?busca=RASCADO>).

16.- Cfr. o exposto en Sánchez Rei (2006: 83-90).

17.- Véxase Cap. IV, 2.



A TERRA, A FAMÍLIA, A MÚSICA: A VIDA





Seivane e Brais tocando o clarinete a dúo (e nunca mellor dito) no ano 2010 (véxase Cap. I, 10).  
*Fotografía: Xurxo Lobato*



Fuencisla, Clarita e Seivane na casa do Chao de Pousadoiro (véxase Cap. I, 10).  
*Fotografía: José J. Presedo*



Pepe Temprano e Seivane na exposición de parte da colección de instrumentos do gaitero coruñés co gallo da III Foliada de Melide (29.04.2007) (véxase Cap. I, 6; Cap. II, 4).  
*Fotografía: José J. Presedo*

Xaneco, afalando aos instrumentos  
que constrúe cunha zanfona tamén feita por el  
(véxase Cap. III, 8).





## Copla de cego

Repertorio de Xosé Seivane  
Transcripción: Daniel Bellón e Pedro Lamas

Musical score for 'Copla de cego' in G major (one sharp). The score consists of three staves. The first staff begins with a treble clef, a key signature of one sharp (F#), and a 2/4 time signature. It features a sequence of eighth notes and quarter notes with changing time signatures: 2/4, 3/4, 2/4, 3/4, and 2/4. The second staff continues the melody with eighth notes and quarter notes, ending with a repeat sign. The third staff concludes the piece with a 'D.C.' (Da Capo) marking and a double bar line.

## Himno da Ribeira

Repertorio de Xosé Seivane  
Transcripción: Daniel Bellón e Pedro Lamas

Musical score for 'Himno da Ribeira' in G major (one sharp). The score consists of two staves. The first staff starts with a treble clef, a key signature of one sharp (F#), and a 3/4 time signature. It begins with a repeat sign and a fermata over the first measure. The melody is composed of quarter and eighth notes. The second staff continues the melody with quarter and eighth notes, ending with a 'D.S.' (Da Segno) marking and a double bar line.

# Mazurca I

Repertorio de Xosé Seivane  
Transcripción: Daniel Bellón e Pedro Lamas

The musical score for 'Mazurca I' consists of six staves of music in G major (one sharp). The time signatures are 3/4, 2/4, 3/4, 2/4, 3/4, and 2/4. The piece begins with a treble clef and a key signature of one sharp (F#). The first staff contains the first six measures, including a repeat sign. The second staff continues with measures 7-12. The third staff contains measures 13-18. The fourth staff contains measures 19-24. The fifth staff contains measures 25-30, ending with a first ending bracket labeled '1.'. The sixth staff contains measures 31-36, starting with a second ending bracket labeled '2.' and concluding with a double bar line.

